

ALCALDÍA DE SADA  
PLENO DA CORPORACIÓN

Laura Rodríguez Pena, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Gaelgo (BNG), conforme ao disposto no art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 209 e ss do RD 2568/1986, presento:

**RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA DOS SEGUINTES ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 29 DE DECEMBRO DE 2022 :**

- **Proposición da Alcaldía sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada D<sup>a</sup> María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas.**
- **Proposta da alcaldía sobre modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Fcaenda, contratación e seguridade cidadá.**

En base ao seguinte :

ANTECEDENTES

Primeiro.- En ditos acordos plenarios (adoptados co voto en contra desta concelleira), aprobouse, entre outros, e respectivamente , *“Autorizar a D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, concelleira delegada delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá, a compatibilidade do exercicio deste cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo..”*, así como modificar o réxime de adicación (de total a parcial ao 90%) e fixando unha retribución por tal adicación de *“25.200 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro”*.

Os mencionados acordos adoptáronse sen que por parte da concelleira se aportase certificación acreditativa da xornada e importe económico que como funcionaria percibe do concello de Bergondo e sen que por parte da alcaldía se solicitase do concello de Bergondo tal información, previa á proposta e adopción dos acordos aprobados en Pleno.

Segundo. Consta que con data 26 de xaneiro de 2023, a alcaldesa de Bergondo trasladou ao Concello de Sada (e dirixido á alcaldía) escrito no que acredita que a retribución anual bruta de D<sup>a</sup> María Pardo

Fafián é “23.671,14 euros, en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro”.

Teceiro.- Dita concelleira desempeña no concello de Bergondo o posto de Oficial administrativo auxiliar da Unidade de Rexistro, Arquivo e Atención ao público.

## INFRACCIÓNS DO ORDENAMENTO XURÍDICO

### **Primeira.- Infracción do art. 73.3 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e da Xurisprudencia que o interpreta e aplica.**

1.- A STS de 26/10/2020 (recurso 1178/2019) precisa con rotundidade que :

*“ 1. El artículo 73.3.3º de la LRBRL establece limitaciones en el ejercicio de derechos políticos y económicos por los concejales no adscritos. Tal regulación trae su causa del Acuerdo 7 de julio 1998 firmado por diversos partidos políticos, del documento de 26 de septiembre de 2000 por el se renueva ese Acuerdo y por la II adenda al mismo de 26 de mayo de 2006, de los que se deduce sin matiz una idea de censura a lo que se denomina transfuguismo.*

*2.Estos acuerdos se basan en la idea de que el transfuguismo implica una alteración o falseamiento de la representación política, en cuanto actuación desleal hacia la voluntad que los ciudadanos manifestaron con sus votos. Con tal inspiración, del artículo 73.3.3º de la LRBRL se deduce una intención disuasoria del transfuguismo, idea que recoge la doctrina del Tribunal Constitucional y la jurisprudencia de esta Sala”.*

Os ditos acordos anti-transfuguismo, inspiradores do vixente art. 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, definen o tráfuga como *“aos representantes locais que, traizoando aos seus compañeiros de lista e/o de grupo, - mantendo estes últimos a súa lealdade coa formación política que os presentou nas correspondentes eleccións locais-, ou apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas que os presentaron, ou sendo expulsados destas, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local, ou ben dificultan ou fan imposible á devandita maioría o goberno da entidade.”.*

É claro que D<sup>a</sup> Maria Pardo Bazán é unha tráfuga, dado que en contra da aberta, notoria e pública oposición do PSdeG-PSOE apoiou a moción de censura do pasado 18 de novembro, cambiando a maioría gobernante, e apoiando como alcaldesa a outra tráfuga (a Sra. Nogareda).

2.- Dispón o art. 73.3 da Lei 7/1985 que *“A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la*

*formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos....Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación”.*

A interpretación de dito art. 73.3 e a correspondente doutrina xurisprudencial ao respecto queda concretada na STS de 26/10/2020 antes indicada : *“el pase a la condición de concejal no adscrito, como consecuencia o por razón de un supuesto de transfuguismo, sí impide que se asuman cargos o que perciban retribuciones que antes no ejercía o percibía e impliquen mejoras personales, políticas o económicas”.*

Sendo claro que tratándose dun suposto de transfuguismo, a Sra. Pardo non podería ter asumido o cargo de concelleira-delegada nen tampouco que o Pleno da Corporación lle atribuíse o réxime de adicación ao mesmo e as correspondentes retribucións (acordos do Pleno que son obxecto deste recurso).

3.- O feito de que nada data de adopción dos acordos (29/12/2022) a Sra. Pardo aínda non estaba expulsada definitivamente do PsdeG-PSOE (daquela, en situación de expulsión provisional) e que o Pleno da Corporación non tiña (nin daquela nin tampouco neste momento) tomado coñecemento do pase á condición de non adscrito, non impide a aplicación do dito art. 73.3.

Interpretar o contrario (isto é, que a aplicación do art. 73.3 esixe expulsión definitiva e toma de coñecemento polo Pleno do pase á condición de non adscrito) suporía baleirar de efectos prácticos a aplicación disuasoria anti-transfugista de dito precepto, dados os prazos dilatados dos procedementos disciplinarios das organizacións políticas ata a expulsión definitiva.

Non obstante o anterior, deixase constancia de que na data de interposición deste recurso a Sra. Pardo xa está expulsada definitivamente do PSOE, do cal xa ten constancia este Concello. Acordo de expulsión que é plenamente executivo, dado que un eventual recurso contra da mesma non ten efectos suspensivos, conforme ao art. 342 do Regulamento de desenvolvemento de Estatutos Federais do PSOE ( <https://www.psoe.es/media-content/2022/01/Reglamento-Desarrollo-Estatutos-40-C.pdf>).

4.- A atribución dun réxime de adicación e retributivo (facultades e dereitos) a quen carecía (e carece) dos requisitos esenciais para súa adquisición constitúe un suposto de nulidade de pleno dereito (art. 47.1.f) Lei 39/2015).

**Segunda.- Infracción dos arts. 5.2 e 7 da Lei 53/1984 de Incompatibilidades do persoal ao**

## **servizo das Administracións Públicas.**

1.- Respecto do réxime de adicación parcial das/os concelleiras/os dispón o art. 5.2 da Lei 53/1984 que *“La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas”*.

En consecuencia, a comunicación “recíproca” (isto é, de Bergondo a Sada e de Bergondo a Sada) é unha esixencia e requisito previo á adopción de acordos de compatibilidade e correlativo réxime retributivo. Tal comunicación recíproca non tivo lugar, non obstante o cal o Pleno da Corporación adoptou os mencionados acordos, infrinxindo dese xeito o dito art. 5.2 da Lei 53/1984.

No Informe de Intervención de 24/01/2023 (emitido a solicitude do Grupo de Sadamaioría) conséntase tal incumprimento, cando afirma, respecto do límite das retribucións do art. 7 da Lei 53/1984, que *“Deberían terse comprobado o cumprimento dos límites salariais previstos no artigo 7 da Lei 53/1984....A día de hoxe non consta esa información no expediente remitido a esta intervención, polo que a estes efectos requírese comunicar as retribucións correspondentes ao seu posto de funcionaria de carreira no Concello de Bergondo”*.

2.- Ademais da violación do procedemento legalmente establecido antes indicado, o réxime retributivo infrinxe o art. 7 da dita Lei 53/1984. Dito precepto determina que *“Será requisito necesario para autorizar la compatibilidad de actividades públicas el que la cantidad total percibida por ambos puestos o actividades no supere la remuneración prevista en los Presupuestos Generales del Estado para el cargo de Director General, ni supere la correspondiente al principal, estimada en régimen de dedicación ordinaria, incrementada en:... - Un 45 por 100, para los funcionarios del grupo D o personal equivalente”*.

Tendo en conta as retribucións anuais de referencia (25.200 € en Sada e 23.671,14 € en Bergondo), a realidade é que a retribución fixada en Sada (adicación parcial ao 90%) excede do límite do 45% que establece a Lei (sendo mesmo superior á do posto de Bergondo a xornada completa).

Faise a precisión ao respecto de que tómasse como referencia a asimilación a estes efectos do grupo de clasificación D co actual C2 (o correspondente a D<sup>a</sup> María Pardo en Bergondo), pero aínda asimilando co grupo C da Lei 53/1984, o límite seguiría incumpríndose igual.

A superación de dito límite retributivo esixiría aordo expreso do Pleno da Corporación *“en base a razóns de especial interese para o servizo”* que, nen poderían concorrer, nen tampouco se adoptou ao respecto o acordo expreso que esixe e obriga dito art. 7 da Lei 53/1984.

3.- En consecuencia co anteriormente, e ademais do incumprimento dos límites retributivos, omitíuse total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, dado que os acordos adoptáronse sen que por parte do Concello de Sada (tampouco aportado pola Sra. Pardo) se tivese requirido ou solicitado do Concello de Bergondo a información á que fai referencia o art. 5.2 da Lei 53/1984. Tal omisión é causa de nulidade de pleno dereito (art. 47.1.e) Lei 39/2015).

Por todo elo, SOLICÍTASE :

1.- A estimación do presente recurso de reposición, anulando e deixando sen efecto os acordos do Pleno de 29/12/2022 obxecto do mesmo, coa subseguinte esixencia de devolución pola Sra. Pardo das retribucións indebidamente percibidas e ordenando a baixa da Sra. Pardo na seguridade social, con efectos, en ambos casos, desde tal data de 29/12/2022.

2.- Ao amparo do art. 117.2 Lei 39/2015, a suspensión da execución de ditos acordos , ao terse alegado por esta parte causa de nulidade de pleno dereito.

Sada, 28 de xaneiro de 2023

Asdo. Laura Rodríguez Pena